

CONTRA A VIOLENCIA URBANÍSTICA: O PXOM DE VIGO

MANIFESTO DA REDE A RÍA NON SE VENDE

Sete anos de redacción e tramitación do PXOM de Vigo revelan a incultura territorial, a oligarquía planificadora e a falta de ética social e ambiental dos sucesivos Gobernos Municipais, dos grupos de presión económica que integran o Consello Sectorial de Urbanismo e do propio equipo redactor do Plan. A consecuencia é un monstro urbanístico que ameaza o tecido económico, o patrimonio natural, a equidade social, o patrimonio cultural e os sinais de identidade de Vigo, das Rías Baixas e de toda Galicia. A xestión irresponsable da Xunta de Galicia permite que este monstro siga vivo e vaia ser sometido a unha nova aprobación provisional polo Concello en decembro de 2007, coa intención de que a Xunta outorgue a súa aprobación definitiva en xaneiro de 2008. O resultado deste proceso é o seguinte:

1. Un Plan inculto na súa visión e tratamento do territorio

Porque foi concibido sen debate, sen a debida valoración do territorio e sen respecto pola historia e pola personalidade plural de Vigo. Porque non realiza a debida xestión do seu patrimonio ambiental, paisaxístico, social, cultural e identitario.

2. Un Plan feito de costas á xente de Vigo

Porque non foi concibido no seo dunha Axenda 21 Local, con verdadeira participación cidadá e cun adecuado asesoramento nos principios e técnicas da sustentabilidade. Porque naceu no seo dun Consello Sectorial de Urbanismo integrado polos representantes dos grupos políticos e dos sectores economicamente beneficiados neste Plan, de xeito directo (promotores, construtores, propietarios) ou indirecto (empresarios, colexios e asociacións profesionais, sindicatos).

3. Un Plan carente de ética social e ambiental

Porque utiliza o territorio, patrimonio natural e ben público, como obxecto de propiedade, transacción e beneficio privado. Porque constitúe un negocio especulativo que vai contra o interese público. Porque destrúe o territorio, o patrimonio cultural e a calidade de vida.

4. Un Plan insustentable

Porque non foi concibido con criterios de sustentabilidade e non cumpre ningún dos seus principios: democracia participativa (información, participación, corresponsabilidade); equidade social (*inter* e *intra* xeracional); conservación do patrimonio natural, cultural e identitario; actuación sustentable (precaución, prevención, recuperación) nin control da sustentabilidade. Porque non cumpre con ningún dos compromisos da Carta de Aalborg, asinada dúas veces, a falta dunha, polo Concello de Vigo (2004 e 2006) e porque incumpe todos os obxectivos das Estratexias Europea e Galega de Desenvolvemento Sustentable.

5. Un Plan local desconectado do ámbito territorial das Rías Baixas e incompatible coa ordenación sustentable do territorio

O Concello non se preocupou de compensar a ausencia dun Plan Territorial mediante unha planificación coordinada cos demais concellos, e supervisada pola Xunta de Galicia, das dotacións esenciais (vivenda, solo industrial, infraestruturas e servizos), nin da configuración dos espazos de valor natural e paisaxístico. Isto impide a utilización mesurada do solo e a distribución equilibrada dos seus usos no conxunto do territorio; impide a adecuada planificación da mobilidade, e dificulta a continuidade transmunicipal dos espazos protexidos. Ademais, o Plan impide unha ordenación territorial verdadeira, porque persegue un crecemento expansivo que agravaría a pegada ecolóxica e o desequilibrio económico e demográfico entre a Galicia interior e o litoral.

6. Un atentado urbanístico

O Plan, baseándose nunha proxección demográfica desmesurada, pretende duplicar o tamaño da cidade nun período de entre 12 e 20 anos, no que se dobraría o número de vivendas.

Ignora os conceptos de espazo público, beleza e natureza no deseño da cidade. Non rexenera o núcleo urbano, senón que o conxestiona con 69 torres de gran altura; non rexenera o rural, senón que o fai desaparecer mediante a súa urbanización masiva con bloques de media e baixa altura; non rexenera o litoral, senón que o masifica e ocupa os últimos espazos baleiros do rural costeiro. O Plan diseña sobre o caos actual unha construción despersonalizada que promove os **non lugares** e a mobilidade insustentable.

7. Un atentado ambiental

O Plan carece dunha concepción ecolóxica do territorio municipal que considere ao ser humano, ao medio urbano, ao medio rural e ao medio natural como integrantes dun mesmo ecosistema, e non ten criterios de ecoloxía urbana.

Elimina a metade do medio rural do municipio (actualmente o 65% do territorio) e reduce gravemente a diversidade biolóxica, cunha extinción media do 15% das especies vexetais e animais.

Non protexe nin rexenera as cuncas e leitos fluviais nin as súas fragas de ribeira. Non rexenera os ecosistemas do litoral non urbanizado, e reduce a franxa de solo rústico de protección de costas de 200 a 100 m. Degrada os humidais costeiros (introduce un vial na xunqueira do Bao; mantén e amplía a depuradora na xunqueira do Lagares) e os continentais (non protexe a lagoa Mol da ampliación do aeroporto). Considera que o valor ambiental e paisaxístico da coroa de montes é medio, alto ou moi alto, pero atribúelle unha alta capacidade de urbanización. O agresivo deseño das infraestruturas de transporte (Ronda de Vigo, AVE, autovías) provoca un grave impacto ambiental sobre o medio rural e os espazos naturais, e ocasiona unha grave fragmentación territorial.

O Plan non se ocupa da calidade ambiental do medio urbano como espazo público e lugar de contacto cotián coa beleza e a natureza. Diseña un abastecemento de auga e un saneamento insuficientes para as súas previsións demográficas e construtivas. Non diseña a separación de augas pluviais, urbanas e industriais. Mantén e amplía a depuradora do Lagares en lugar de substituíla por una rede de pequenas depuradoras urbanas distribuídas segundo as cuncas naturais do municipio. Non contempla a instalación de depuradoras nos parques industriais. Carece dos debidos estudos sobre a xeración e prevención da contaminación atmosférica, acústica e magnética no concello

actual e no concello proxectado. Carece do debido estudio sobre a xeración actual e futura de residuos urbanos, industriais, agroforestais e de obra (incluídos os da súa propia realización) e non diseña os medios necesarios para a súa xestión.

O Plan, polo seu crecemento expansivo e a súa mobilidade insustentable, multiplicaría de xeito inasumible o consumo de enerxía do municipio e a súa contribución ao cambio climático global.

8. Un Plan que agrava e consolida a mobilidade insustentable

A Ronda de Vigo non é necesaria como vía de alta capacidade, e ten un trazado irracional como vía urbana entre parroquias. O Plan non acomete a integración ambiental e paisaxística das grandes vías (soterramento ou falsos túneles que mitiguen a fragmentación territorial provocada polo segundo cinto, o AVE e as autovías).

O Plan propón unha rede viaria pensada para o transporte privado, e non prevé as infraestruturas necesarias para a mobilidade (tren de proximidade, tren do litoral, metro lixeiro ou tranvía, carril bici, transporte marítimo). A proliferación de aparcadoiros no núcleo urbano e a de centros comerciais en todo o municipio, así como a distante localización da universidade agravan o problema. O Plan ignora o valor da mobilidade sustentable para elevar a calidade de vida, combater o cambio climático e reducir o número de vítimas na estrada.

9. Un atentado paisaxístico

O Plan non se achega ao territorio coa debida reverencia pola súa configuración orixinal. Ignora os conceptos de beleza e natureza no deseño de Vigo, e non restaura a súa relación física, visual e cultural co mar e co territorio.

A construción en altura no núcleo urbano e a invasión do rural empequenecen a cidade construída, aumentan o caos da paisaxe urbana, desmitifican a paisaxe montuosa e crean novas barreiras entre a cidade, o mar, o val fragoso e a coroa de montes.

A masificación do litoral urbano e a invasión do rural costeiro destrúen a paisaxe litoral. O agresivo deseño das infraestruturas de transporte (Ronda, AVE, autovías, segundo cinto) e dos parques industriais, provoca unha terrible fragmentación do territorio e brutais trincheiras e desmontes en ladeiras moi empinadas. A ausencia de corredoiros de visibilidade pecha definitivamente a cidade ao mar e ao seu entorno natural.

O Plan acaba coa beleza do territorio, destrúe a paisaxe identitaria e acaba co seu poder filoxenético para as xeracións actuais e as vindeiras.

10. Un atentado cultural e identitario

O Plan renuncia á rexeneración de Vigo. Non o transforma nun espazo público de vivencia, convivencia, lecer e cultura, senón que o consolida como un **non lugar**.

Non respecta a personalidade histórica diversa (urbana, mariña e rural, portuaria e industrial, galega e universal), que fai de Vigo un compendio de Galiza. Nin conserva nin xera espazos que acubillen os seus sinais de identidade e a súa tradición.

Degrada e non restaura os referentes culturais do núcleo urbano. Destruíe a cultura rural, pois fai desaparecer o seu hábitat e a súa paisaxe cultural. Acaba de destruír o que queda da personalidade mariñeira de Canido. Non cataloga nin protexe adecuadamente o patrimonio histórico, arquitectónico e arqueolóxico. Ignora, afecta e incluso destrúe xacementos valiosos e ignora e non protexe os patrimonios mariño e industrial.

Renuncia a planificar unha solución ao feísmo urbano e rural a curto e longo prazo, desdeñando o necesario equilibrio entre o respecto á memoria histórica e á creatividade

dun verdadeiro urbanismo e dunha verdadeira arquitectura que sexan ao tempo actuais e identitarios.

11. Un Plan que atenta contra a xustiza social

O Plan constitúe un negocio especulativo privado que vai contra o interese público e a xustiza social. Un negocio que degrada a calidade de vida dos vigueses no núcleo urbano, e a destrúe no rural. Un negocio que fai desaparecer 84 dos 95 núcleos rurais, destrúe 15.000 vivendas e provoca un innecesario realoxamento dos seus veciños. Un negocio que ocasiona o cambio de vida e o desarraigamento vital e emocional de milleiros de cidadáns.

O Plan aprobado provisionalmente prevía un 20% de vivendas de protección oficial, o mínimo legal naquel momento. A nova *Ley del Suelo* do Estado fixa o 30%. A futura Lei de Ordenación Urbanística de Galicia establecerá un 40 %. A actual corporación pretende ampliar a porcentaxe ao 43% (inda que cunha distribución irregular que fai que non poida acadarse ata que se constrúa a totalidade do previsto). Unha porcentaxe aínda escasa, tendo en conta que a vivenda é unha necesidade básica. A oposición dos promotores e dos propietarios só pode cualificarse de carente de toda ética. Compárese coas porcentaxes establecidas en Navarra (50%) Madrid (50%) e, sobre todo, no País Vasco (75%).

12. Un plan ilegal

Á marxe da polémica sobre a súa redacción actual, o plan que se aprobe provisionalmente por segunda vez no Concello ten que cumprir cos requisitos de tres documentos fundamentais para obter a aprobación definitiva:

- A Orde da Consellería de Política Territorial de 19 de xaneiro de 2007.
- A Resolución da Consellería de Medio Ambiente de 10 de setembro de 2007.
- O Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de 19 de xaneiro de 2007

Pois ben: Supoñendo que o Concello e o equipo redactor puidesen facer semellante adaptación a pesar das dificultades técnicas e das presións político-económicas, o resultado sería o seguinte:

- O Plan mantería a súa desmesurada extensión sobre o territorio comprometendo para o futuro unha enorme extensión de solo rústico clasificada innecesariamente como solo urbanizable
- O Plan carecería de Avaliación Ambiental Estratéxica e de todo tipo. Isto deixa sen avaliación á cidade construída, os ámbitos de ordenación detallada e, sobre todo, os efectos ambientais sobre o conxunto do territorio. Estas dúas circunstancias, ademais de moitas outras que engaden inseguridade xurídica, serían causa suficiente para facer o documento **nulo de pleno dereito**. Pero, ademais:
- As evidencias mostran a inseguridade xurídica de non someter o Plan a unha nova exposición pública, si é que de verdade recolle todos os cambios esixidos pola Xunta de Galicia.
- Aínda que superase todos os requisitos legais, sería un **Plan xurídicamente obsoleto** respecto da nova *Ley del Suelo* do Estado, e da inminente normativa galega sobre ordenación do territorio, urbanismo e protección do medio rural, protección do litoral,

protección da paisaxe e avaliación da sustentabilidade.

Por último, o Plan pretende legalizar a meirande parte das ilegalidades urbanísticas cometidas ata agora, algunhas delas con sentenza firme de demolición, sen buscar unha solución xurídica a medio ou longo prazo adaptada a cada caso que permita restaurar a legalidade urbanística e ambiental sen causar inxustizas e sen comprometer á economía municipal.

13. Un Plan obsoleto e irrecuperable

O PXOM de Vigo foi concibido con incultura territorial, con planificación oligárquica e carencia de democracia participativa, con carencia de ética social e ambiental, sen criterios de sustentabilidade, sen cooperación nin coordinación territorial.

Falla nos seus fundamentos e na súa estrutura. A súa reforma é imposible. Se se intentase recuperalo mediante o seu sometemento á Avaliación Ambiental Estratéxica, non superaría o filtro da selección das alternativas razoables.

Por isto non fai falla lembrar que leva sete anos de redacción, durante os que se produciron cambios notables na realidade económica, social e ambiental de Vigo e no seu ámbito territorial. Nin que a recesión no mercado da vivenda fai menos atractiva a construción como negocio. Nin que se produciron cambios, recentes ou inminentes, na lexislación aplicable, como xa se comentou.

Non ten sentido empregar traballo e recursos económicos en tratar de manter vivo a un defunto. O PXOM de Vigo é irrecuperable.

14. Unha ameaza para a Ría de Vigo, para os concellos do litoral e para toda Galiza

O PXOM de Vigo constitúe unha ameaza, tanto se produce un efecto chamada que provoque unha improbable e insustentable eclosión demográfica, como se a chamada ten efecto sobre a terceira idade europea en materia de segunda ou terceira vivenda, como se o resultado é unha cidade deserta e fantasma.

Unha ameaza permanente de contaminación para a Ría. Unha ameaza de presión humana sobre o litoral e a Ría, xa sobreesaturados e sometidos a unha presión irracional polas actividades de lecer e as súas infraestructuras. Unha ameaza de destrución definitiva dos valores ambientais e paisaxísticos da Ría. Unha ameaza de agravamento e consolidación da mobilidade insustentable. Un pésimo exemplo e unha coartada para que os concellos do litoral sigan os mesmos pasos. Unha ameaza para os valores económicos, sociais, culturais, ambientais, paisaxísticos e identitarios de toda Galiza. Unha ameaza para a identidade mesma da Terra e a súa pervivencia como País.

Conclusións

Como primeira conclusión de todo o exposto só cabe esixir a anulación e retirada do actual PXOM por incumprimento flagrante da Lei 9/2006 de avaliación ambiental extratéxica, por ser elaborado sin a debida participación social e por non acadar os mínimos índices de sostibilidade.

Vigo ten que se transformar na cidade que pode e debe ser, segundo as súas potencialidades: dinamismo económico, personalidade rica e diversa e natureza privilexiada. Para isto precisa unha nova cultura do territorio e un ordenamento sustentable.

Pero o PXOM en tramitación é un plano esencialmente inculto, falta de participación democrática, economicista e especulativo. Un Plan que agrava a depredación urbanística e a degradación do territorio galego e contribúe ao cambio climático global. Por iso é insustentable, ilegal e irrecuperable.

Vigo precisa un novo Plan Local. Pero Galicia precisa unha nova Planificación Territorial.

A racionalidade clama por un Plan Territorial das Rías Baixas, xa que constitúen unha unidade ambiental, económica e social, e precisan dunha planificación e dunha xestión conxuntas. Os Plans Locais, incluso os Plans de Bisbarra que agrupasen aos concellos pequenos, haberían de desenvolver polo miúdo as determinacións xerais do Plan Territorial nos aspectos económico, social e ambiental (solo industrial, vivenda protexida, infraestructuras, ciclo da auga, sanidade, xustiza, protección do patrimonio, protección dos espazos rurais, forestais e naturais). Tamén haberían de desenvolver os aspectos urbanísticos e culturais estrictamente locais, como a creación de espazo público e a configuración dos núcleos urbanos e rurais.

Por desgraza, a incultura do territorio, as loitas de poder e as loitas de intereses dificultan a creación dos organismos planificadores e xestores que serían competentes para levar a cabo este proceso, e que haberían de estar participados pola Xunta e polos Concellos.

No entanto, a planificación non pode agardar. É necesario un Plan Local para Vigo, pero feito coa debida coordinación territorial, de xeito que resolva as necesidades económicas, sociais e ambientais urxentes para a cidade de forma equilibrada e sustentable no ámbito da Ría de Vigo e das Rías Baixas. Isto requiriría a colaboración de todos os Concellos e a coordinación da Xunta de Galiza. Deste xeito, a nova planificación de Vigo impulsaría definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio e un novo modelo de planificación e xestión territorial para Galiza.

É necesaria unha nova planificación para Vigo, un Plan Local culto e feito con democracia participativa. Un Plan sustentable, que desenvolva a cidade minimizando a súa ocupación do territorio. Que acubille no territorio, de xeito sustentable, os seus sectores económicos estratéxicos, tanto tradicionais como emerxentes. Que faga de Vigo un espazo público de vivencia, convivencia, cultura e relación cotiá coa beleza e a natureza. Que restaure a súa relación física, visual e cultural coa terra e o mar. Que respecte os sinais de identidade desta cidade plural (urbana, mariña e rural; industrial e portuaria; galega e universal) e consolide este multimodelo como un legado cultural. Un Plan Local integrado no ámbito territorial das Rías Baixas e que restaure e protexa os seus valores ambientais e paisaxísticos. Un Plan Local acorde coa inminente lexislación sobre ordenamento territorial, urbanismo, medio ambiente, paisaxe, protección do monte, protección do rural e protección do litoral. Un Plan Local que faga de Vigo a cidade que queremos e impulse a Galiza que todos desexamos.

REDE A RÍA NON SE VENDE

